

**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**do 23 de decembro de 2015**

**ACTA Nº 18/2015**

Na Casa do Concello de Muros, ás catorce horas do día vinte e tres de decembro do ano dous mil quince, reúnese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria da sesión extraordinaria e urxente

**PERSOAS ASISTENTES**

Alcaldesa: D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

- D. José Manuel Quintela Fernández
- D. José Antonio Uhía Martínez
- D<sup>a</sup> María Inés Monteagudo Romero
- D<sup>a</sup> Alianza Uhía Patiño
- D. José Ángel Hermida Simil
- D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño
- D<sup>a</sup> Sandra Maneiro Pais
- D. Enrique Riomayor Caamaño
- D. Manuel Bartolomé Freire Eiras
- D. Manuel María García Fernández
- D. Paula Simal Mayo.

Non asiste: D. José Vázquez Rama, do Grupo Popular.

Secretario: D. Luís Alberto Gil García, secretario do concello, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA**

**1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

**2.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL. EXERCICIO 2014**

\*\*\*

A Sra. Alcaldesa dá comezo á sesión extraordinaria do Pleno.

## **1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Sra. alcaldesa xustifica a urxencia da sesión porque a aprobación da Conta Xeral xa está fora de prazo e convén aprobala canto antes xa que ademais veñen días festivos polo que deixala para a seguinte semana sería retrasar máis a súa aprobación.

Dá paso á rolda de intervencións:

A Sra. Monteagudo, portavoz do Grupo Popular, di que levan practicamente desde que se constituíu a corporación avisando de que os prazos iban correndo e que entenden que deben ser publicados canto antes.

A Sra. González, do Grupo Socialista, di que están na mesma liña ca o Grupo Popular, entenden que non terían porque estar nunha convocatoria urxente, que é a vara de medir para o Grupo Socialista por parte do grupo de Goberno, que cada vez que se presenta algo por urxencia parécelles que non ten que ser, pero que a diferenza a van a deixar clara e que a eles o que lles interesa e que funcione e que se aprobe a Conta Xeral.

Votación: Unanimidade.

## **2.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL. EXERCICIO 2014**

A Sra. Alcaldesa explica que a Conta Xeral de 2014 foi ditaminada favorablemente, por unanimidade na Comisión Especial de Contas, e explica o seu resultado e que haberá que tomar certas medidas para corrixir o remanente negativo de 119,237,84 €. Que a corporación conta con toda a documentación

A Sra. Monteagudo reitera o xa falado na Comisión sobre o mecanismo para compensar o remanente negativo e dixéronlles que se o estaba estudando polo que entenden que non se adoptou ningunha decisión ao respecto. Que é un trámite que hai que facer e que supoñen que estará feito en función da normativa aplicable.

Comenta que é o terceiro pleno extraordinario do mes, que a pesar de que en ningún dos tres estiveron toda a corporación, que hai que intentar deixar de funcionar desa maneira e que xa levan uns meses e que xa poden cumprir cos prazos en tempo e forma e instan ao goberno a que actúen nese sentido.

A Sra. González di que cando a Sra. alcaldesa estaba na oposición protestaba polos plenos extraordinarios e agora estase convertindo nunha norma porque non se dedica o tempo necesario a traballar no Concello, que hai un montón de cousas atrasadas que normalmente se facían en novembro e que non se fixeron e a ver se conseguen sinalar os plenos nas datas e horario habitual para que poidan asistir todos/as concelleiros/as e con respecto ao remanente de tesourería negativo, que leva moitos anos habendo remanente de tesourería negativo e que neste caso é unha boa noticia que non sexa cento e pico mil euros que cando eles tomaron posesión do Concello eran case seiscentos mil euros que viñan do goberno do PP e BNG e que non é desculpa para que se siga traballando nese sentido e conseguir que non se teñan que tomar medidas máis drásticas con respecto ao Concello de Muros.

O Sr. García indica que non ten nada que engadir.

A Sra. alcaldesa explica que en decembro non hai pleno ordinario, que é o segundo pleno extraordinario. Que o das eleccións é inevitable. O do POS e do PAS, ao rematar o prazo o 18 de decembro, podería estar listo antes pero todos/as saben que

ten a súa dificultade. E con respecto á Conta Xeral comenta todas as dificultades que houbo ao estar sen interventora, que o interventor accidental fai todo o que pode coa axuda da Deputación, e iso ralentiza moito os trámites, que se encontrou con varias dificultades porque había erros que había que resolver e que é máis difícil de solucionar e que procurarán que os plenos extraordinarios sexan os menos posibles e sobre todo os extraordinarios e urxentes.

Na segunda rolda de intervencións a Sra. González quere deixar de manifesto que a pesar das súas disculpas, quere recordarlle que o primeiro pleno da lexislatura está sen aprobar e que é unha deixadez.

O portavoz do BNG insta ao goberno a que se aproben canto antes as actas pendentes.

A Sra. alcaldesa sinala que así o farán, pero que querían darlle a oportunidade de comprobar co secretario o contido da acta, mais non pasarán tanto tempo sen aprobar as actas.

Votación: unanimidade das persoas presentes.

O pleno da Corporación do Concello de Muros ACORDA a aprobación definitiva da Conta Xeral 2014.

A Sra. alcaldesa antes de rematar a sesión felicita as festas a todos os presentes.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa da por rematada a sesión, sendo as catorce horas e dez minutos. Dou fe.

O secretario

Luís Alberto Gil García